



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 18.12.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 18 de decembro de 2025 ás 20:00 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Agrupación do Concello de Miño, o Concello de Pontedeume e o Concello de Cabanas para tramitar conxuntamente a execución dun obradoiro de emprego e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

2. Participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña

3. Dación de contas do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e o período medio de pago do 3º trimestre do 2025

4. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o día 13.10.2025 (resolución número 1017/2025) ata o día 14.12.2025 (resolución número 1276/2025).

5. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 03.10.2025, 13.10.2025, 15.10.2025, 17.10.2025, 27.10.2025, 31.10.2025, 07.11.2025, 14.11.2025, 02.12.2025

6. Mocións

6.1. Moción do PsdeG-PSOE para a modernización da liña ferroviaria, o restablecemento de frecuencias e a parada do tren nos apeadoiros de Miño e Perbes.

6.2. Moción do PsdeG-PSOE para a mellora do transporte público por estrada e recuperación de frecuencias na liña de autobús Coruña-Ferrol / Ferrol-Coruña.

6.3. Moción do PP para a mellora do servizo de tren.

6.4. Moción do PP relativa á actualización do "Estatuto marco do persoal sanitario dos servizos de saúde", desde o consenso cos profesionais sanitarios e as comunidades autónomas.

6.5. Moción do Grupo Mixto-BNG para garantir o mantemento das infraestruturas básicas municipais.

7. Informes do equipo de goberno

8. Rogos e preguntas



Concello de Miño

ÁREA: SECRETARÍA

EXP. : 2025/G010/000018

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

CVD: q0FBvNdlLwFKrNVAS8wd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.concellodemino.gal/>